

BANDO

XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES

Comunico:

QUE ESTÁ ABERTO O PRAZO DE PREINSCRICIÓN NOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2016

destinados a nenas e nenos empadroados nas Neves con idades comprendidas entre os 4 e os 11 anos (que naceran entre o 2005 e o 2012). Con actividades que ofrecen unha alternativa lúdica, deportiva e educativa á cativada do concello durante o período estival, estes campamentos supoñen un instrumento que facilita a conciliación familiar.

HORARIO E DURACIÓN:

HORARIO: De 09:00 h a 14:00 h de luns a venres.

DURACIÓN: Meses de **xullo** e **agosto**. **4 quendas** de 14 días (límite de 45 participantes/quenda):

- | | |
|-------------------------|---------------------------|
| 1.-Do 4 ao 17 de xullo | 3.- Do 1 ao 14 de agosto |
| 2.-Do 18 ao 31 de xullo | 4.- Do 15 ao 28 de agosto |

PREINSCRICIÓN:

Pode realizarse a preinscrición:

- ◆ No Centro Social
- ◆ A través do enderezo electrónico: servizossociais.asneves@fegamp.gal
- ◆ No teléfono: 986 66 71 34

Cada nena ou neno optará a unha praza dentro dunha das catro quendas. Indicarase a orde preferencia das quendas así como se se solicita máis dunha quenda para o caso de quedar prazas vacantes.

Prazo de preinscrición: Do **20 ao 27 de xuño**.

TERÁN PREFERENCIA na asignación da praza as nenas e nenos:

- ◆ De familias nas que traballe a nai e o pai. Ou un deles no caso de familia monoparental.
- ◆ Por orde temporal de solicitude de inscrición.
- ◆ Que nunca antes participaran nun campamento de verán organizado polo Concello das Neves.
- ◆ Excepcionalmente, se quedaran prazas vacantes en calquera das 4 quendas, os criterios de asignación serán:
 - Nenas e nenos que aínda non estando empadroados nas Neves, manteñan unha estancia temporal no noso Concello.
 - Nenas e nenos empadroados nas Neves que xa tendo asignada praza en calquera das 4 quendas soliciten unha quenda máis.
 - Nenas e nenos doutros Concellos sen empadroamento nin residencia nas Neves.

PREZOS:

- ◆ O prezo individual será de **15€/quenda**.
- ◆ Terán un **desconto do 50%** as familias numerosas.

PERDA DA PRAZA E DO IMPORTE ABOADO:

- ◆ A ausencia inxustificada durante 3 días dará lugar á perda da praza, e o importe aboado.
- ◆ A praza será para a nena ou neno seguinte na lista de adxudicación, que aboará a parte proporcional correspondente aos días nos que asista ao campamento.

AS NEVES 13 DE XUÑO DE 2016

O ALCALDE- PRESIDENTE

ASDO.: XOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ